

Irina

De cativa, en Kiev, falabamos para todo en ruso e só na casa o ucraíno, dime Irina. Agora seica é ao revés e a xente nova, como o fillo dela, apenas sabe ruso e falan ucraíno arreo.

Irina foi mestra moitos anos pero despois o soldo non daba máis que para os estudos do fillo, así que tivo que vir para aquí para poder mandar diñeiro; Irina acha moitísimo en falta ao seu fillo, que xa é maior pero dá igual e tamén a comida e as amigas que deixou alá, cando sentaban no verán nas terrazas de Kiev a tomar café e non lles importaba que se lles fixese de noite nin nada.

Tamén acha en falta á súa nai que está tan maior e está soa, pero menos.

A nai de Irina gastou hai pouco os aforros en pór un teléfono na casa; pero Irina di que non pode chamala todo o día, que non pode gastar tanto, e que a nai chora cada vez que falan e iso pona a ela tamén triste e deprimida.

Mentres lle pasa o ferro á roupa, Irina cónrame da súa vida alí en Kiev e desta vida súa de agora que nunca imaxinara para ela.

Despois as dúas seguimos coas nosas cousas. "Unha sempre quere o mellor para os fillos", dígolle ao final. Pero dígollo por non saber que dicir.

Do libro "La maleta al agua"



| | | |
|----|-----------|---|
| 01 | martes | 1692 Comeza o famoso xuízo ás bruxas de Salem. |
| 02 | mércores | 1816 Juana Azurduy de Padilla, heroína boliviana, derrota ás tropas españolas. |
| 03 | xoves | 1880 Nace María Barbeito na Coruña. Pedagoga, socióloga, educadora e escritora. |
| 04 | venres | 1744 Nace Marianne Martínez, cantante e virtuosa pianista. Acad. de Música de Bolonia. |
| 05 | sábado | 1703 Falece Gabrielle Suchon, filósofa francesa. "Tratado da moral e da política". |
| 06 | domingo | 1994 Morre Melina Mercuri, actriz e política grega. Ministra de cultura en 1981. |
| 07 | luns | 1920 Julieta Lanteri preséntase polo Partido Feminista Nacional na Arxentina. |
| 08 | martes | DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES |
| 09 | mércores | 1888 Nace Enriqueta García Infanzón, "Eugenia Astur", escritora Asturiana. |
| 10 | xoves | "A solidariedade debe unir a todas as mulleres, desde a señora até a obreira". M ^a Vinyals |
| 11 | venres | 1881 Nace Gloria Turner. As súas obras figuran no Museo Español de Arte Contemporánea. |
| 12 | sábado | 1945 Morte de Ana Frank, asasinada polos nazis en Auschwitz. |
| 13 | domingo | 1900 As Cortes Españolas aproban a lei que regula o traballo de mulleres e crianzas. |
| 14 | luns | 1884 Nace Matilde de la Torre, elixida en 1933 e 1936 deputada polo PS. |
| 15 | martes | Nieves G ^a Benito e outras persoas, loitan contra a morte no Estreito de Xibraltar. |
| 16 | miércoles | 1940 Pasamento de Selma Lagerlöf, 1 ^a muller Premio Nobel de Literatura. |
| 17 | xoves | 1956 Morre Irene Joliot-Curie. Premio Nobel de Química. |
| 18 | venres | 1996 Morre Niní Marshall, actriz cómica arxentina. |
| 19 | sábado | 1954 C. Eufemia, loitou polos dereitos das mulleres e dos Sen Terra do Brasil. |
| 20 | domingo | 1981 Vén de publicarse A SAIA revista do Colectivo Independente Galego. |
| 21 | luns | 1982 Encadéanse 150 mulleres na base aérea inglesa de Greenham Common. |
| 22 | martes | 1995 O MEC diferencia o uso de masculino e feminino nos títulos oficiais. |
| 23 | mércores | 1882 Nace Emmy Noether. Matemática. Teoría de Anéis. Teorema de Noether. |
| 24 | xoves | 1908 Emmeline Pankhurst, sufragista británica, exige el derecho al voto femenino. |
| 25 | venres | 1942 Nace Aretha Franklin, cantante. |
| 26 | sábado | 1930 Nace Sandra Day O'Connor, 1 ^a muller xuíza na Corte Suprema estadounidense. |
| 27 | domingo | 1905 Nace Carlota O'Neill, escritora republicana. "Unha muller na guerra de España". |
| 28 | luns | 1515 Nace en Ávila Teresa de Xesús, mística e escritora. Reformou a Orde do Carmelo. |
| 29 | martes | A Victoria Sau, por enriquecer o pensamento e a solidariedade feministas. |
| 30 | mércores | 1900 Nace María Moliner, lingüista do Dicionario da L. Española que leva o seu nome. |
| 31 | xoves | 1908 Nace María Dolores Pérez Enciso, mestra, escritora e xornalista exiliada. |

2011 MARZO